

Contratación

BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO COMPROMISO DE CALIDADE MES DO COCIDO DE LALÍN DURANTE A LVIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN

Expediente: 4506/2024

1.- OBXECTO.

O obxecto destas bases é definir as características do mecenado cultural de cara ao desenvolvemento do Compromiso de Calidade Mes do Cocido de Lalín durante a LVIIª edición da Feira do Cocido de Lalín.

Con esta finalidade o Concello de Lalín, pretende acadar a colaboración empresarial nunha actividade de interese xeral como é a Feira do Cocido de Lalín, un evento que contribúe a dinamizar os sectores produtivos do Concello de Lalín. Deste xeito, a cambio da axuda económica ou subvención ofertada polos colaboradores, o Concello de Lalín, comprométese a difundir a presenza destes en relación co Compromiso de Calidade Mes do Cocido de Lalín durante a LVIIª Edición da Feira do Cocido de Lalín na forma que se indica nestas bases.

Para estes efectos subscribíranse os correspondentes convenios de colaboración ou mecenado coas empresas colaboradoras que realicen as mellores ofertas de subvención, en relación coas súas modalidades contidas nestas bases.

A Feira do Cocido foi declarada, no ano 1999, "*Festa de Interese Turístico de Galicia*" no ano 2010, "*Festa de Interese Turístico Nacional*" e no ano 2020 "*Festa de Interese Turístico Internacional*". Este recoñecemento pon de manifesto a extraordinaria difusión da que goza este evento na actualidade.

A través da celebración de convenios de colaboración público-privada preténdese obter unha optimización e mellora dos recursos dispoñibles para a realización deste evento. Trátase de fomentar a expansión dos recursos de financiamento da cultura, con novas fórmulas de colaboración, tendo en conta que este evento constitúe un factor determinante para o desenvolvemento económico e social do Concello de Lalín e supón un campo propicio para a colaboración privada.

Trátase de favorecer a colaboración particular na consecución de fins de interese xeral, en atención e recoñecemento á cada vez maior presenza do sector privado na tarefa de protexer e promover actuacións caracterizadas pola ausencia de ánimo de lucro e cuxa finalidade é de carácter xeral e pública.

O *Mes do Cocido de Lalín* ten lugar entre os días 15 de xaneiro e 14 de febreiro. Con esta actuación preténdese acadar e manter uns estándares mínimos de calidade no desenvolvemento do nomeado Mes do Cocido de Lalín propiciando o compromiso e participación das empresas que teñan intereses comerciais vencellados coa Feira do Cocido de Lalín (restaurantes, carnicerías, fábricas de embutidos, queixo, mel, doces, pan, licores, etc).



Contratación

2.- CARACTERÍSTICAS DA PRESENCIA DAS EMPRESAS COLABORADORAS.

Tal e como se indicou na cláusula anterior, o Concello de Lalín, a cambio dunha axuda económica ou subvención ofertada polas colaboradoras, para levar a cabo o desenvolvemento do Mes do Cocido de Lalín, comprométese a difundir a presenza como entidade colaboradora das mesmas, en todos os eventos que organice o Concello de Lalín durante o Mes do Cocido (entre o 15 de xaneiro e o 14 de febreiro de 2025) e que garden relación co mesmo.

Deste xeito, o Concello de Lalín comprométese a difundir a participación e colaboración das empresas seleccionadas mediante a difusión da súa presenza nos seguintes soportes:

Cartelaría:

- Programa de man despregable da Feira do Cocido.
- Dípticos Mes do cocido.

Así mesmo, o Concello outorgaralle un distintivo como entidade colaboradora co compromiso de Calidade Mes do Cocido de Lalín a tódalas empresas que colaboren no mesmo.

Establécense un máximo de 100 espazos destinados ás colaboradoras, que se inserirán nos soportes enriba indicados, a través dunha relación nominal das nomeadas entidades.

A subvención mínima será de 100 euros, podéndose ofertar unha subvención maior, sempre a partir dos 100 euros.

No caso de que non se cubran tódolos espazos, os sobrantes redistribuiranse entre as colaboradoras existentes.

Así mesmo, o Concello resérvase o dereito de incluír nos soportes antes citados a presenza daqueles colaboradores institucionais (entes, organismos ou administracións públicas) cos cales o Concello teña levado a cabo acordos ou convenios na materia.

3.- PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN DAS COLABORADORAS.

As empresas colaboradoras seleccionaranse a través dun proceso aberto, no cal todo empresario/a interesado poderá presentar unha proposta de colaboración.

4.- PUBLICIDADE, PRAZOS E MODO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS DE COLABORACIÓN.

As propostas deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, Praza de Galicia núm. 1, 36500 Lalín (Pontevedra). O prazo de presentación de proposicións será **de quince (15) días naturais a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil de Contratación do Concello de Lalín. Se o último día do prazo fose inhábil trasladarase ao seguinte día hábil.**



Contratación

Cando as proposicións se envían a través de lugar distinto ó Rexistro de Entrada do Concello de Lalín, o interesado deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío no Servizo Oficial de Correos ou nos lugares indicados no artigo 16.4 da LPACAP e comunicarlle ao órgano de contratación mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día (Fax. 986-780638). Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo. Transcorridos, non obstante, 5 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Estas bases difundiranse en prensa para maior coñecemento e asemade as empresas colaboradoras terán á súa disposición as mesmas no Rexistro de Entrada do Concello de Lalín así como na páxina web municipal (www.lalin.gal).

Todos os documentos presentados deberán ser orixinais, ou copias auténticas en calquera das modalidades expostas no artigo 27 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Toda a documentación será presentada e redactada nalgún dos idiomas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución xurada polos servizos competentes ou por notario público que dará fe da tradución.

Cada empresario non poderá presentar máis dunha proposta. (A infracción desta norma dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas).

As ofertas deberán axustarse ao previsto nestas bases e a súa presentación suporá a aceptación polo empresario, sen condicións, do contido da totalidade de todas as cláusulas destas bases, sen excepción ou reserva algunha.

5.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA A PRESENTAR POLAS INTERESADAS.

As interesadas presentarán **toda a documentación nun sobre pechado** coa inscrición contida no Anexo I, asinado pola proponente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, empresa colaboradora que presenta a proposición, dirección, teléfono, fax e/ou correo electrónico, para os efectos das notificacións.

No interior do sobre incluírase a seguinte documentación:

- 1º.- Declaración responsable con arranxo ao modelo contido no Anexo II.
- 2º.- Modelo de proposta de colaboración, con arranxo ao modelo contido no Anexo III.

6.- CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS COLABORADORAS.

Establécese un único criterio de selección de colaboradoras: a mellor subvención ofertada.

Establécese unha subvención mínima de 100 euros. As interesadas poderán ofertar unha



Contratación

subvención maior, sempre a partir dos 100 euros.

Deste xeito, seleccionaranse as cen ofertas que oferten a subvención de maior importe, colocándose de maior a menor comezando pola de maior importe económico e así sucesivamente.

No caso de que se superen as cen ofertas, quedarán excluídas as que queden situadas na orde a partir do número 101.

Así mesmo establecerase unha reserva na que se incluírán as solicitudes que queden situadas a partir do número 101 para o suposto de que non chegara a formalizarse o convenio con algunha das seleccionadas inicialmente.

No suposto de que se produza un empate seleccionaranse a oferta presentada en primeiro lugar no Rexistro de Entrada do Concello de Laín.

En todo caso, o Concello resérvase o dereito de admisión respecto daquelas colaboradoras cuxo obxecto social ou finalidade comercial non sexa acorde coa promoción do evento.

7.- PROCEDIMENTO.

Unha vez finalizado o prazo de presentación da documentación administrativa, a Comisión de Valoración examinará a documentación aportada.

No caso de que se observasen defectos ou omisións emendables na documentación, comunicarllo vía fax ou a través do correo electrónico, ao interesado, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante do Concello de Laín e/ou na páxina web municipal (www.lalin.gal), concedéndose **un prazo non superior a tres días hábiles** para que as solicitantes os corrixan ou emenden ante a Comisión de Valoración.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación, redactarase a listaxe das colaboradoras seleccionadas por orde decrecente, excluíndose aqueles interesados que non presenten a documentación completa ou incumpran estas bases.


8.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

A Comisión de Valoración estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTA: Primeira Tenente de Alcalde (Suplente: Concelleiro Delegado de Obras e servizos)

Vogais:

- O Secretario Xeral. (SUPLENTE: Secretario/a accidental).
- A Interventora. (SUPLENTE: Interventora Accidental)



Contratación

- A Auxiliar Administrativa da Axenda Urbana (SUPLENTE: O Técnico Informático).
Secretaria: a Técnica de Contratación.(SUPLENTE: o Administrativo do Departamento de Contratación)

9.- SELECCIÓN DAS COLABORADORAS.

A Comisión de Valoración elevaralle ao órgano competente a listaxe definitiva de colaboradoras admitidas e excluídas para a súa aprobación. Unha vez aprobada, publicitarase no perfil do Contratante do Concello de Lalin e/ou na páxina web municipal (www.lalin.gal) e no Taboleiro de Edictos do Concello e notificaráselle aos colaboradores seleccionados para que procedan a asinar o correspondente convenio de colaboración.


10.- OBRIGAS DAS COLABORADORAS.

As colaboradoras asumirán as seguintes obrigas en virtude da sinatura do pertinente convenio de colaboración:

- Asinar o convenio nos prazos previstos nestas bases.
- Aboar o importe da subvención no prazo previstos nestas bases.
- Darlle consentimento ao Concello para o uso da súa presenza promocional nos actos e documentos vencellados ao Mes do Cocido.
- Responder ás peticións do Concello relativas ao envío de información solicitada con axilidade.
- Manter as instalacións dos seus negocios en bo estado de limpeza e mantemento, ofrecendo unha atención e servizo profesional.
- Os establecementos de hostalería deberán ofrecer a posibilidade de realizar reservas durante o período do Mes do Cocido e non poderán realizar quendas de comidas.
- O Cocido elaborarse seguindo a receita oficial do Cocido de Lalin, os produtos serán de primeira calidade, a carne de porco estará curada e afumada, as sobremesas serán tradicionais galegas (filloas, orellas, ou queixo con marmelo, entre outros).
- O prezo total do cocido (IVE engadido e viño de mesa incluído) fixado polo establecemento publicarase nos dípticos promocionais anuais do Mes do Cocido. O prezo deberán permanecer estable durante o Mes do Cocido. Recoméndase que se agasalle a cada comensal cun pin oficial do Cocido.
- O cumprimento da normativa vixente en materia sanitaria. A este respecto, aqueles negocios que se adiquen á venda doutros produtos vencellados co cocido deberán cumprir escrupulosamente a normativa sanitaria vixente neste eido así como en materia de consumo.

11.- SINATURA DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN.

As colaboradoras asinarán o correspondente convenio administrativo de colaboración para a difusión publicitaria da LVIIª edición da Feira do Cocido de Lalin no prazo máximo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da notificación da súa condición de colaboradora co



Contratación

Compromiso de Calidade Mes do Cocido de Lalín durante a LVIIª edición da Feira do Cocido de Lalín.

12.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

As colaboradoras aboarán o importe da subvención no **prazo máximo de 15 días hábiles** a contar desde o seguinte ao da sinatura do convenio administrativo. O pagamento realizarase na Tesourería municipal mediante transferencia bancaria no número de conta: ES3520805429673110119045 debendo incluír o nome ou razón social do colaborador e o concepto: "Compromiso de Calidade Mes do Cocido de Lalín 2025".

O Alcalde,
José Crespo Iglesias

Revisado e Conforme
A Técnica de Contratación
Fátima Cortizo Seijas

Documento asinado electronicamente á marxe

L

K

6/10

M

G



ANEXO I. MODELO DE SOBRE

DOCUMENTACIÓN PARA PARTICIPAR NAS BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO COMPROMISO DE CALIDADE MES DO COCIDO DE LALÍN DURANTE A LVIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN.

Expediente: 4506/2024

Presentado por:

Dirección:

Teléfono:

Fax:

Enderezo electrónico:

....., de 202_
(Lugar, data e sinatura)

L

K

7/10

M

G



ANEXO II – DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS FISCAIS.		
(Os que aparecen na Axencia Tributaria)		
Denominación Fiscal:	CIF/NIF:	Teléfono:
Enderezo Fiscal:		
Enderezo electrónico:		
Nome do representante:	NIF:	Teléfono:
Enderezo do representante:		

DATOS COMERCIAIS.		
(Os que se empregarán na publicidade)		
Denominación Comercial:	Teléfono:	Enderezo electrónico:
Enderezo :		
Presentación da empresa: (presentación, descrición do obxecto social, ámbito territorial, etc):		
No suposto de tratarse dun restaurante: Prezo do cocido, (IVE incluído e viño da mesa engadido)	_____ €	Aforo _____ comensais

D./Dna. _____ e DNI núm.: _____, en nome propio ou en representación da empresa _____, con NIF núm.: _____ manifesta a súa vontade colaborar financeiramente co Concello de Lalín na organización da seguinte actividade: **“BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO COMPROMISO DE CALIDADE MES DO COCIDO DE LALÍN DURANTE A LVIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN”** e manifesta coñecer e acepta o seu contido.

Así mesmo, declara que son certos todos os datos e documentos presentados no expediente de referencia e que a empresa á que representa, reúne os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos pola normativa e que non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, sinaladas no artigo 71.1 da LCSP e que especialmente se atopa ao corrente no



Contratación

cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais así como de seguridade social que impoñen as disposicións vixentes e declara non ter causado baixa no IAE durante o presente exercicio económico e que dispón da documentación que así o acredita e se compromete a presentar no suposto de que lle sexa requirida.

Lalín, ____ de _____ de 202__

(sinatura)

Información básica sobre Protección de Datos - Responsable do tratamento: Concello de LALÍN. Praza Galicia, 1, 36500 Lalín (Pontevedra). **Finalidade do tratamento:** Xestión administrativa da recadación municipal no exercicio das funcións propias que ten atribuídas no ámbito das súas competencias e, en particular, para a atención de solicitude/s instada no presente documento. **Dereitos:** Pode exercer gratuitamente os dereitos de Acceso, Rectificación, Portabilidade, Limitación do tratamento, Supresión o, en su caso, Oposición, conforme se indica na información adicional e detallada sobre protección de datos na nosa web (<https://www.lalin.gal/protecciondedatos>). No caso de considerar vulnerado o seu dereito á protección de datos persoais, poderá interpoñer unha reclamación ante a “Axencia Española de Protección de Datos” (www.agpd.es).

L

K

9/10

M

G



ANEXO III. MODELO DE PROPOSTA DE COLABORACIÓN

D./Dna. con domicilio en rúa núm. e DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) núm.: actuando en nome propio (ou en representación de DNI ou NIF núm.: e domicilio en rúa)

toma parte nas **“BASES PARA CONCERTAR CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO COMPROMISO DE CALIDADE MES DO COCIDO DE LALÍN DURANTE A LVIIª EDICIÓN DA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN”** e declara:

1º.- Que ofrece a seguinte subvención:€.

2º.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven das bases que rexen este expediente e acompaña a documentación esixida nas mesmas e se compromete a presentar toda a que lle sexa requirida.

Lalín, ____ de _____ de 202_

(sinatura)

L

K

10/10

M

G

